

# manifesto



1 [ Somos unha comunidade de creadores que, desde **macc**, concibe a creación contemporánea como un exercicio radicalmente distinto ao do pasado e que nos esixe novas responsabilidades artísticas e sociais.

2 [ A creación contemporánea non xira, coma nas prácticas convencionais, ao redor do produto senón do proceso. A creación enfrontanos máis a un traxecto ca a un resultado, máis a un procedemento ca a unha meta. Na arte e a cultura de comezos do século XXI máis ca as obras ou as pezas, importan as experiencias, os camiños. Máis ca o qué, o cómo.

3 [ Xa non é significativa a disciplina que o creador practica, senón a súa actitude ante o proceso de creación. Dá igual que sexan as artes plásticas, o deseño audiovisual, a música, a arquitectura, as artes escénicas ou a literatura; tanto ten que un sexa artista ou artesán; que cree produtos ou propicie vivencias. O que importa é a actitude coa que o faga. Hoxe, creador é quen fai pan ou quen o lanza ao público nunha actuación. Ou ningún dos dous.

4 [ A creación non é só o exercicio individual do artista senón o talento colectivo dos grupos. Antes, entendíase que o proceso creativo se limitaba á acción do artista. Agora sabemos que nese proceso interveñen outros actores sen os que non hai creación. Porque o creador xa non está so fronte á obra. O seu traballo depende tamén do traballo dos outros. Non hai creación contemporánea se non admitimos esa interdisciplinidade.

5 [ O recoñecemento do colectivo, do carácter colaborativo dos procesos creativos, obríganos, mesmo, a revisar o concepto de autoría, o concepto de prioridade intelectual. O contemporáneo diluíu as fronteiras entre o autor e o usuario, entre a creación e a función do creado.

6 [ A creación contemporánea non entende de especialidade. En nos faise evidente que a mestizaxe e a diversidade é o argumento principal da vida. A hibridación é consubstancial ás novas tendencias creativas. Nin sequera hai creadores para a cultura, senón desde a cultura.

7 [ O proceso artístico non é só estético senón ético. Para superar as crises, coma esta que agora nos preocupa, é necesario figurar que non existe. E os creadores, afeitos á imaxinación, reclamamos o noso papel como imaxinadores do futuro. O creador ten unha responsabilidade ante os tempos, aínda que sexa só a responsabilidade do sentimento, da visión que nega a evidencia. Porque se as certezas repiten modelos coñecidos; os sentimentos, en cambio, achegan novas posibilidades.

8 [ **macc** nin é, nin quere ser, un exhibidor de artistas; senón un exhibidor de procesos creativos. Con esa vontade, e coa de seguir sendo punto de encontro, proclamamos a nosa vontade de seguir encontrándonos aquí ou en calquera outro sitio do Atlántico.